

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.

Pleno do Concello de Oroso

Sesión ordinaria do 25/05/2017

Acta 2017/05.

No salón de plenos da Casa do Concello, ás 19:00 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 5 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 6 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 7 Rey Villaverde, Luís (PSdeG-PSOE).
- 8 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 9 Josefina Iglesias Blanco (PP).
- 10 Suárez García, Silvia (PP)
- 11 Parga Villaverde, Pablo (PP).
- 12 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON - ANOVA)
- 13 Pérez Penas, José Manuel (BNG)

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo.

Asiste o Interventor titular da Corporación D. Félix Manuel Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

1. Aprobación de actas do Pleno do Concello
 - 1.1 Acta da sesión ordinaria do 30/03/2017. Acta 2017/03
 - 1.2 Acta da sesión extraordinaria do 12/05/2017. Acta 2017/04.
2. Aprobar se procede a modificación do Regulamento de Funcionamento dos Servizos Complementarios de Educación a cargo do Concello de Oroso nos colexios de educación infantil e primaria.
3. Aprobar a ratificación da resolución de Alcaldía nº 337/2017 do 20/04/2017 referente á corrección de erro detectado no acordo plenario de aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS + 2017).
4. Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso á central de contratación da FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias).
5. Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso á Asociación de Concellos do Camiño Inglés e aprobar a proposta de Estatutos.

II PARTE DE CONTROL

- 6 Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 256/2017 do 24/03/2017 ata nº 455/2017 do 19/05.

Sinatura do alcalde,
Manuel Miras Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.

- 7 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/03/2017 e o 19/05/2017.
- 8 Dar conta do informe de Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas recibidas referente ao primeiro trimestre do exercicio 2017.
- 9 Mocións dos Grupos municipais.
- 10 Rogos e preguntas.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación de actas do Pleno do Concello

1.1 Acta da sesión ordinaria do 30/03/2017. Acta 2017/03

LOGO DE VER a minuta da acta 2017/03, ábrese unha quenda de intervencións. Toma a palabra D. Alexander Dovaí Expósito (P.P) quen indica que na páxina 46 desta Acta ten que haber un erro de transcripción xa que pon “abstencións tres (4 do P.P)” polo que en letra debería figurar “catro”.

O Sr. Alcalde somete a votación a acta coa corrección referida polo Sr. Concelleiro e o pleno por:

Votos a favor: doce (7 de PSG-PSOE; 4 de PP; e 1 de BNG);

Votos en contra: un (1 de SON - ANOVA);

Abstencións: ningunha (0 votos); adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 30/03/2017. Acta 2017/03.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2017/03 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

1.2. Acta da sesión extraordinaria do 12/05/2017. Acta 2017/04.

LOGO DE VER a minuta da acta 2017/04, ábrese unha quenda de intervencións.

Non se formulan intervencións.

Vótase a aprobación da acta.

O pleno por:

Votos a favor: doce (7 de PSG-PSOE; 4 de PP e 1 de BNG);

Votos en contra: un (1 SON - ANOVA);

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo



Abstencións: ningunha (0 votos); adopta este acordo:

PRIMEIRO. APROBAR a acta da sesión que tivo lugar o día 12/05/2017. Acta 2017/04.

SEGUNDO. INCORPORAR a acta 2017/04 ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoas coa sinatura do secretario e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

2. Aprobar se procede a modificación do Regulamento de Funcionamento dos Servizos Complementarios de Educación a cargo do Concello de Oroso nos colexios de educación infantil e primaria.

LOGO DE VER a proposta de acordo que sinala:

“LOGO DE VER o Regulamento de funcionamento dos servizos complementarios de educación a cargo do concello de Oroso nos colexios de educación infantil e primaria que foi obxecto de publicación no BOP nº 21 do 02/2/2015, logo da súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación con data de 27/11/2014 e a súa elevación a aprobación definitiva tras exposición pública.

LOGO DE VER a Providencia de alcaldía de data 12 de maio de 2017, ordeando o inicio da expediente para a modificación do regulamento de funcionamento dos servizos complementarios de educación a cargo de Concello de Oroso nos colexios de educación infantil e primaria.

LOGO DE VER o informe favorable á modificación da Secretaría do Concello do 15/05/2017.

TENDO EN CONTA que tras dous anos de vixencia do Regulamento se teñen detectado unha serie de aspectos que poden ser mellorados tanto polo que respecta ás modalidades do servizo, ás solicitudes de praza como a xestión de usuarios, ao marxe de realizar as correspondentes actualizacións normativas co galo da entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


TENDO EN CONTA o disposto no artigo 49 da Lei reguladora das bases do réxime local, propónse á consideración do Pleno do Concello, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO. APROBAR INICIALMENTE a seguinte modificación do Regulamento:

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN A CARGO DO CONCELLO DE OROSO NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

1º) O artigo 5 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

“5. MODALIDADES DE USO DO SERVICIO



O servizo de “Bos días cole” poderá ser prestado nas seguintes modalidades, a elección dos usuarios:

- Servizo de atención e coidado antes do inicio de cada xornada lectiva, sen dereito a almorzo.
- Servizo de atención e coidado antes do inicio de cada xornada lectiva, con dereito a almorzo.

O servizo de Comedor escolar prestarase en modalidade única, incluíndo a atención e coidado do alumnado antes e despois do xantar.

A súa vez, tanto o servizo de “Bos días cole” coma de Comedor escolar prestaranse en modalidade ordinaria de asistencia continuada ao servizo durante todo o curso escolar todos os días da semana, prevéndose excepcionalmente no servizo de “Bos días cole” unha modalidade de asistencia continuada de tres días á semana.

Excepcionalmente poderá facerse uso do servizo por días soltos, coas seguintes condicións:

- 1º) Os usuarios da modalidade ordinaria terán preferencia de utilización do servizo fronte aos usuarios de días soltos, a cuxos efectos na apertura do procedemento de presentación de solicitudes previsto no artigo 8 poderase limitar o número de prazas para días soltos en función da demanda dos usuarios da modalidade ordinaria.
- 2º) Aos efectos do cómputo de prazas ocupadas, entenderase que cada usuario do servizo na modalidade de días soltos ocupa media praza.
- 3º) Os usuarios admitidos nesta modalidade estarán obrigados para a utilización do servizo nun día concreto a facer un preaviso cunha antelación mínima de tres días hábiles anteriores á data de disfrute ao correo electrónico ou teléfono posto a disposición polo concello. En todo caso, feito o preaviso, a non asistencia efectiva ao servizo non impedirá a devindicación do prezo correspondente.
- 4º) Os usuarios desta modalidade quedarán sometidos as medidas adicionais de control de asistencia que acrediten a súa utilización efectiva, tanto por parte do concello, coma da empresa que preste o servizo, que poderán ser:
 - a. A adquisición de bonos prepago, segundo a ordenanza reguladora do prezo público.
 - b. A firma de follas de control, previa acreditación da súa identidade.

A utilización do servizo nunha porcentaxe superior ao cincuenta por cento (50 %) dos días lectivos nun período de dous meses naturais implicará que o usuario será clasificado automaticamente coma de asistencia ordinaria, a todos os efectos, especialmente de pagamento de prezos públicos.”

2º) O artigo 8 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

“8. SOLICITUDES DE PRAZAS

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.

A apertura do prazo ordinario para presentar solicitudes farase coma mínimo cunha antelación de 7 días naturais antes do fin do curso escolar anterior mediante resolución de Alcaldía que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello, no que se especifique o número de prazas dispoñibles para cada modalidade prevista de asistencia ao servizo e o período para a presentación de solicitudes, que non será inferior a 15 días naturais dende a publicación.

Poderanse abrir procesos distintos de presentación de solicitudes para usuarios con renovación de praza ou de novo ingreso, en caso de que o número de prazas dispoñibles o aconselle.

As solicitudes formalizaranse por escrito a través de modelos oficiais aprobados pola Alcaldía-Presidencia que para tal fin se poderán recoller nas oficinas municipais ou na páxina web, dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, xuntando a documentación sinalada no artigo 9 do presente regulamento, e presentadas no Rexistro Xeral do concello, sen perjuicio de poder utilizar calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da lei 39/2015.

As notificacións aos interesados derivadas dos procedementos descritos no presente capítulo practicaranse exclusivamente a traveso de publicación de edictos no taboleiro de anuncios do concello.

Así mesmo, fora do período ordinario, poderán presentarse novas solicitudes de praza, sempre que existan prazas dispoñibles non cubertas pola lista de espera."

3º) O artigo 10 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

"10. SELECCIÓN DOS USUARIOS

A selección e admisión de usuarios do servizo cando haxan máis solicitudes que prazas dispoñibles farase respectando a seguinte orde de preferencia:

- 1º) *Alumnado que obtivese praza en cursos anteriores, salvo que tivese prezos impagados, por orde de entrada de solicitudes.*
- 2º) *Alumnado novo que tivese algún irmán con praza no servizo, por orde de entrada de solicitudes.*
- 3º) *Alumnado novo, por orde de entrada de solicitudes.*
- 4º) *Persoal docente e non docente que preste servizos no centro, por orde de entrada de solicitudes."*

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A modificación do presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente, será publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor namentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

SEGUNDO. INICIAR un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín oficial da provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar lo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. ELEVAR A DEFINITIVO o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial."



Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



Ábrese unha quenda de intervencións.
Non se producen intervencións.
O Pleno da Corporación por:

Votos a favor: trece (7 de PSG-PSOE; 4 de PP; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG);
Votos en contra: ningún (0 votos);
Abstencións: ningunha (0 votos); acordou:

PRIMEIRO. APROBAR INICIALMENTE a seguinte modificación do Regulamento:

MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DOS SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN A CARGO DO CONCELLO DE OROSO NOS COLEXIOS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA

1º) O artigo 5 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

“5. MODALIDADES DE USO DO SERVICIO

O servizo de “Bos días cole” poderá ser prestado nas seguintes modalidades, a elección dos usuarios:

- *Servizo de atención e coidado antes do inicio de cada xornada lectiva, sen dereito a almorzo.*
- *Servizo de atención e coidado antes do inicio de cada xornada lectiva, con dereito a almorzo.*

O servizo de Comedor escolar prestarase en modalidade única, incluíndo a atención e coidado do alumnado antes e despois do xantar.

A súa vez, tanto o servizo de “Bos días cole” coma de Comedor escolar prestaranse en modalidade ordinaria de asistencia continuada ao servizo durante todo o curso escolar todos os días da semana, prevéndose excepcionalmente no servizo de “Bos días cole” unha modalidade de asistencia continuada de tres días á semana.

Excepcionalmente poderá facerse uso do servizo por días soltos, coas seguintes condicións:

- 1º) *Os usuarios da modalidade ordinaria terán preferencia de utilización do servizo fronte aos usuarios de días soltos, a cuxos efectos na apertura do procedemento de presentación de solicitudes previsto no artigo 0 poderase limitar o número de prazas para días soltos en función da demanda dos usuarios da modalidade ordinaria.*
- 2º) *Aos efectos do cómputo de prazas ocupadas, entenderase que cada usuario do servizo na modalidade de días soltos ocupa media praza.*
- 3º) *Os usuarios admitidos nesta modalidade estarán obrigados para a utilización do servizo nun día concreto a facer un preaviso cunha antelación mínima de tres días hábiles anteriores á data de desfrute ao correo electrónico ou teléfono posto a disposición polo concello. En*

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



todo caso, feito o preaviso, a non asistencia efectiva ao servizo non impedirá a devindicación do prezo correspondente.

4º) *Os usuarios desta modalidade quedarán sometidos as medidas adicionais de control de asistencia que acrediten a súa utilización efectiva, tanto por parte do concello, coma da empresa que preste o servizo, que poderán ser:*

- a. A adquisición de bonos prepago, segundo a ordenanza reguladora do prezo público.*
- b. A firma de follas de control, previa acreditación da súa identidade.*

A utilización do servizo nunha porcentaxe superior ao cincuenta por cento (50 %) dos días lectivos nun período de dous meses naturais implicará que o usuario será clasificado automaticamente coma de asistencia ordinaria, a todos os efectos, especialmente de pagamento de prezos públicos."

2º) O artigo 8 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

"8. SOLICITUDES DE PRAZAS

A apertura do prazo ordinario para presentar solicitudes farase coma mínimo cunha antelación de 7 días naturais antes do fin do curso escolar anterior mediante resolución de Alcaldía que será obxecto de publicación no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello, no que se especifique o número de prazas dispoñibles para cada modalidade prevista de asistencia ao servizo e o período para a presentación de solicitudes, que non será inferior a 15 días naturais dende a publicación.

Poderanse abrir procesos distintos de presentación de solicitudes para usuarios con renovación de praza ou de novo ingreso, en caso de que o número de prazas dispoñibles o aconselle.

As solicitudes formalizaranse por escrito a través de modelos oficiais aprobados pola Alcaldía-Presidencia que para tal fin se poderán recoller nas oficinas municipais ou na páxina web, dirixidas ao Sr. Alcalde-Presidente, xuntando a documentación sinalada no artigo 9 do presente regulamento, e presentadas no Rexistro Xeral do concello, sen perxucio de poder utilizar calquera dos medios sinalados no artigo 16.4 da lei 39/2015.

As notificacións aos interesados derivadas dos procedementos descritos no presente capítulo practicaranse exclusivamente a traveso de publicación de edictos no taboleiro de anuncios do concello.

Así mesmo, fora do período ordinario, poderán presentarse novas solicitudes de praza, sempre que existan prazas dispoñibles non cubertas pola lista de espera."

3º) O artigo 10 do Regulamento queda redactado do seguinte xeito:

"10. SELECCIÓN DOS USUARIOS

A selección e admisión de usuarios do servizo cando haxan máis solicitudes que prazas dispoñibles farase respectando a seguinte orde de preferencia:

Sinatura do alcalde,
Manuel Miñas Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.

- 1º) Alumnado que obtivese praza en cursos anteriores, salvo que tivese prezos impagados, por orde de entrada de solicitudes.
- 2º) Alumnado novo que tivese algún irmán con praza no servizo, por orde de entrada de solicitudes.
- 3º) Alumnado novo, por orde de entrada de solicitudes.
- 4º) Personal docente e non docente que preste servizos no centro, por orde de entrada de solicitudes.”

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A modificación do presente regulamento, unha vez aprobado definitivamente, será publicado integramente no Boletín Oficial da Provincia e comezará a aplicarse unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e manterase en vigor namentres non se acorde a súa derogación ou modificación expresa.

SEGUNDO. INICIAR un período de exposición pública do expediente e publicar no taboleiro de edictos da Casa do Concello e no *Boletín oficial da provincia da Coruña*, por un prazo de 30 días hábiles, dentro dos que os interesados poderán examinar lo e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

TERCEIRO. ELEVAR A DEFINITIVO o acordo que inicialmente se adopta se non se presentan reclamacións ou alegacións a dita aprobación inicial.

3. **Aprobar a ratificación da resolución de Alcaldía nº 337/2017 do 20/04/2017 referente á corrección de erro detectado no acordo plenario de aprobación do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS + 2017).**

LOGO DE VER a proposta de acordo asinada pola Alcaldía con data de 12 de maio de 2017 que di:

“LOGO DE VER o requirimento da Deputación Provincial da Coruña pola que se comunica ao Concello de Oroso a existencia de deficiencias consistentes en que non está cuantificado o programa de traballo do proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017 e así mesmo a súa inclusión no Préstamo provincial 2017 do POS +2017 da Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seguinte financiamento:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento	
	Préstamo	Achega
	Deputación	Concello
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €

LOGO DE VER os proxectos básicos e de execución da obra de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, redactado pola arquitecta, Cruz Louzao Pernas, en data febreiro de 2017, no que se inclúe a cuantificación do programa de traballo segundo requirimento da Deputación

Sinatura do alcalde
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario
Federico Suárez Cancelo



Provincial da Coruña.

CONSIDERANDO que se produciu un erro na transcripción do anexo I CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) “POS+2017” consistente en que non se incluíu no apartado C) Financiamento de investimento, na táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo+ concello.

LOGO DE VER o informe da Oficina Municipal de Urbanismo, do 19 de marzo de 2017.

TENDO EN CONTA que o prazo para subsanar dita deficiencia é de dez días contados a partir da recepción do requirimento dito proxecto corrixido e subsanación de deficiencias do anexo I foi aprobado por Resolución de Alcaldía nº 337/2017 do 20/04/2017.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o expediente deberá ser previamente estudado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO. RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 337/2017 do 20/04/2017 que transcrita literalmente dí:

“LOGO DE VER o requirimento da Deputación Provincial da Coruña pola que se comunica ao Concello de Oroso a existencia de deficiencias consistentes en que non está cuantificado o programa de traballo do proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017 e así mesmo a súa inclusión no Préstamo provincial 2017 do POS +2017 da Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seguinte financiamento:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento	
	Préstamo	Achega
	Deputación	Concello
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €

E DE VER o requirimento da Deputación Provincial da Coruña pola que se comunica ao Concello de Oroso a existencia de deficiencias consistentes en que no acordo plenario de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2017”, da Deputación Provincial da Coruña, no apartado C) Financiamento de investimentos, táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL, falta á dereita a columna ORZAMENTO TOTAL, coa

Sinatura do alcalde.

Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario.

Federico Suárez Canelo.

suma préstamo + concello.

LOGO DE VER os proxectos básicos e de execución da obra de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, redactado pola arquitecta, Cruz Louzao Pernas, en data febreiro de 2017, no que se inclúe a cuantificación do programa de traballo segundo requirimento da Deputación Provincial da Coruña.

CONSIDERANDO que se produciu un erro na transcripción do anexo I CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) "POS+2017" consistente en que non se incluíu no apartado C) Financiamento de investimento, na táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo+ concello.

LOGO DE VER o informe da Oficina Municipal de Urbanismo, do 19 de marzo de 2017.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. Incluir no ANEXO I CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) "POS+2017", no apartado C) Financiamento de investimento, na táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo+ concello:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
URBANIZACIÓN DA RÚA CAMIÑO DO REFUXIO	84.638,71 €	41.129,33 €	125.768,04 €
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €	82.644,80 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	167.283,51 €	41.129,33 €	208.412,84 €

SEGUNDO.- APROBAR o seguinte proxecto corrixido:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €	82.644,80 €

Sinatura do alcalde.

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario.

Federico Suárez Cancelo



TERCEIRO.- Ratificar esta Resolución no Pleno na seguinte sesión que se celebre.”

SEGUNDO. DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. Alexnader Doval Expósito (P.P) quen sinala que segundo se lles indicou na Comisión Informativa se trata dun erro de tipo técnico e que polo tanto van a votar a favor.

Non existindo mais intervencións o Sr. Presidente da por rematado o debate sometendo a cuestión a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 de PSG-PSOE, 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG);
 Votos en contra: ningún (0 votos);
 Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO. RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 337/2017 do 20/04/2017 que transcrita literalmente dí:

“LOGO DE VER o requirimento da Deputación Provincial da Coruña pola que se comunica ao Concello de Oroso a existencia de deficiencias consistentes en que non está cuantificado o programa de traballo do proxecto de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017 e así mesmo a súa inclusión no Préstamo provincial 2017 do POS +2017 da Deputación Provincial da Coruña, de acordo co seguinte financiamento:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento	
	Préstamo	Achega
	Deputación	Concello
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €

E DE VER o requirimento da Deputación Provincial da Coruña pola que se comunica ao Concello de Oroso a existencia de deficiencias consistentes en que no acordo plenario de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2017”, da Deputación Provincial da Coruña, no apartado C) Financiamento de investimentos, táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL, falta á dereita a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo +concello.

LOGO DE VER os proxectos básicos e de execución da obra de CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO, redactado pola arquitecta, Cruz Louzao Pernas, en data febreiro de 2017, no que se inclúe a cuantificación do programa de traballo segundo requirimento da Deputación Provincial da Coruña.

CONSIDERANDO que se produciu un erro na transcripción do anexo I CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) "POS+2017" consistente en que non se incluíu no apartado C) Financiamento de investimento, na táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo+ concello.

LOGO DE VER o informe da Oficina Municipal de Urbanismo, do 19 de marzo de 2017.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. Incluir no ANEXO I CERTIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLOS) "POS+2017", no apartado C) Financiamento de investimento, na táboa PRÉSTAMO PROVINCIAL a columna ORZAMENTO TOTAL, coa suma préstamo+ concello:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
URBANIZACIÓN DA RÚA CAMIÑO DO REFUXIO	84.638,71 €	41.129,33 €	125.768,04 €
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €	82.644,80 €
Subtotal investimentos préstamo provincial 2017	167.283,51 €	41.129,33 €	208.412,84 €

SEGUNDO.- APROBAR o seguinte proxecto corrixido:

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
	Préstamo	Achega	Orzamento total
	Deputación	Concello	
CONSTRUCCIÓN DUN PASO CUBERTO NOS TERREOS DO COLEXIO INFANTIL DE SIGÜEIRO	82.644,80 €	- €	82.644,80 €

TERCEIRO.- Ratificar esta Resolución no Pleno na seguinte sesión que se celebre."

SEGUNDO. DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña.

4. Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso á central de contratación da FEMP (Federación Española de Municipios y Provincias).

LOGO DE VER a proposta de acordo asinada polo Alcalde da corporación que di:

Sinatura do alcalde,
Manuel Miras Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.



“Antecedentes.

Primeiro: A Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), por acordo da súa Xunta de Goberno de 28 de xaneiro de 2014, aprobou a creación dunha Central de Contratación ao amparo do previsto na Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, conforme á redacción dada na mesma polo artigo 1.35 da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, así como nos artigos 203 e seguintes do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Segundo: O Concello de Oroso está interesado na utilización da Central de Contratación creada pola FEMP

Consonte con isto, tendo en conta o disposto no artigo 205 do referido Texto refundido e sendo de interese para esta Entidade a utilización da Central de Contratación da FEMP, o Pleno da Corporación municipal ACORDA:

PRIMEIRO: Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministrados que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO: Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Facultar ao Alcalde do Concello de Oroso para que en nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, e por elo á adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a central de contratación da FEMP saque a licitación e sexan de intereses para este Concello

E esta é a miña proposta sen prexuízo de que o Pleno da Corporación previo ditame da Comisión Informativa acorde o que considere oportuno.”

O Sr. Alcalde engade que unha vez que o Concello de Oroso rematou a adxudicación do contrato que tiña con Unión Fenosa en relación a esta cuestión temos pensado adherirnos á adxudicación que ten a FEMP en materia de enerxía eléctrica co fin de tentar abaratar custes para o Concello.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Non se producen mais intereseccións.

O Presidente somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 de PSG-PSOE e 4 do P.P, 1 SON – ANOVA e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningún (0 votos) ; adopta este acordo:

PRIMEIRO: Adherirse á Central de Contratación da FEMP a fin de poder contratar as obras, servizos e subministrados que oferte a citada Central, de conformidade ás condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.



Sinatura do alcalde,
Manuel Miras Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.



SEGUNDO: Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

TERCEIRO: Facultar ao Alcalde do Concello de Oroso para que en nome e representación desta Corporación proceda á formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo, e por elo á adhesión aos distintos acordos marco de contratación que a central de contratación da FEMP saque a licitación e sexan de intereses para este Concello

5. Aprobar se procede a adhesión do Concello de Oroso á Asociación de Concellos do Camiño Inglés e aprobar a proposta de Estatutos.

“LOGO DE VER a proposta asinada polo Alcalde da Corporación que di:

LOGO DE VER a iniciativa de diversos Concellos para a creación dunha Asociación de Concellos para promover o desenvolvemento turístico dos Concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e tentando procurar o apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado.

LOGO DE VER que a Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local establece que as entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará, en defecto de normativa específica, a lexislación do Estado en materia de asociacións. Estas asociacións de entidades locais rexeranse polos seus Estatutos, aprobados polos representantes das entidades asociadas, os cales deberán garantir a participación dos seus membros nas tarefas asociativas e a representatividade dos seus órganos de goberno.

LOGO DE VER a proposta de Estatutos que ten sido consensuada cos diferentes Concellos que pretenden integrar a citada Asociación e tendo en conta o informe desfavorable emitido con data de 12/05/2017 polo Secretario do Concello e entendendo que respecto ás conclusións do citado informe que se vai traballar na disolución do consorcio do Camiño Inglés pero que desde fai anos este xa non ten ningunha actividade nin custo para o concello e que tanto a cota económico como as restantes observacións realizadas no informe poden ser posteriormente matizadas unha vez creada a Asociación de Concellos

Tendo en conta o disposto nos artigos 22.2.b) e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, proponse ao pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar a vontade do Concello de Oroso de adherirse á asociación de concellos do camiño inglés de Santiago para a promoción do desenvolvemento turístico do camiño inglés de Santiago.

Segundo: Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos co contido que se recolle como anexo do presente acordo e expresar a vontade de concorrer á Asemblea que os aprobe definitivamente.

Terceiro: Designar como representante do Concello de Oroso ao Sr. Alcalde do Concello ou persoa que legalmente o substitúa.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.



D. Alexander Doval Expósito (P.P) indica que o seu grupo vai a votar a favor e que presentarán un rogo posteriormente en relación a esta cuestión.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a proposta a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 de PSG-PSOE, 4 do P.P, 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG);

Votos en contra: ningún (0 votos);

Abstencións: ningunha (0 votos) ; adopta este acordo:

Primeiro: Manifestar a vontade do Concello de Oroso de adherirse á asociación de concellos de concellos do Camiño Inglés para a promoción do desenvolvemento turístico do camiño inglés de Santiago.

Segundo: Aprobar a proposta de estatutos para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos co contido que se recolle como anexo do presente acordo e expresar a vontade de concorrer á Asemblea que os aprobe definitivamente.

Terceiro: Designar como representante do Concello de Oroso ao Sr. Alcalde do Concello ou persoa que legalmente o substitúa.

Anexo:

ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

1. CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”

2.- A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.-

1 A asociación terá sede rotatoria entre os concellos membros. Estará emprazada no municipio no que o seu alcalde ocupe a presidencia.

2. No momento de constitución o domicilio principal da asociación radicará na localidade de Carral, na Casa da Cultura, rúa de Paleo, nº 17, C.P. 15175, provincia da Coruña e teléfono 981672580.

Artigo 3º.- A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.

Artigo 4º.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

1. Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.
2. Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.
3. Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.
4. Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.
5. Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.
6. Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentado e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.
7. Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.
8. Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira

Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo

9. Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.
 10. Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.
 11. Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
 12. Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.
2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:
1. Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.
 2. Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.
 3. Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.
 4. Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.
 5. Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.
 6. Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.
 7. Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.
 8. Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.

2.

3. CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.
2. A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.
3. Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.
4. O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

1. Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
2. Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
3. Participar nas áreas da asociación.
4. Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
5. Ter coñecemento da execución do orzamento.



Sinatura do alcalde,

Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,

Federico Suárez Canelo.

6. Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

1. Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.
2. Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.
3. Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.
- b. Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.
- c. Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.
- d. Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.

Artigo 10º.- Membro amigo

1. Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.
2. A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.
3. Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.

4. CAPÍTULO III

5. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN


Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- Asemblea xeral onde están representados todos os socios.
- Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

1. Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.
2. Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.
3. Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.

Sinatura do alcaide,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



Artigo 12º.- A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.

Artigo 13º.- Son competencias da asemblea xeral:

- a. Aprobar a modificación dos estatutos
- b. Aprobar o plan de actuacións da asociación
- c. Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno
- d. Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias
- e. Disolver a asociación
- f. Establecer a estrutura organizativa
- g. Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.
- ii. Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.

Artigo 14º.-

1. As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.
2. A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.
3. A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.
4. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta directiva a persoa que ostente a xerencia da Oficina Técnica de Xestión podendo o presidente auxiliarse, cando a xerencia corresponda a persoa distinta e se o considera necesario polo secretario xeral do concello que preside ou técnico en quen delegue.

Artigo 15º.- Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensivo dos asuntos para tratar, debéndose incluír naquel, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores

Sinatura do alcalde
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario.
Federico Suárez Cancelo.



- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

Capítulo IV DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Título V art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva.

2 Son funcións da Tesoureiría:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.

1. A Oficina Técnica de Xestión, dependerá directamente da xerencia, de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, e establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- a. Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- b. Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- c. Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.



Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Canelo.

- d. Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- e. Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- f. Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos dá emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- g. Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- h. Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- i. Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

TÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 1. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 2. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 3. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 4. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 4. Ata 5.000 habitantes
 5. De 5.001 a 10.000 habitantes
 6. De 10.001 a 30.000 habitantes
 7. De 30.001 a 50.000 habitantes
 8. De 50.001 a 100.000 habitantes
 9. Máis de 100.000 habitantes
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.


 Sinatura do alcalde,
 Manuel Mirás Franqueira


 Sinatura do secretario,
 Federico Suárez Cancelo.

5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará cada ano o día 31 de decembro de dada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

TÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 25º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarse por maioría absoluta dos asistentes.

TÍTULO VII DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 26º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
 1. Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
 2. Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
 3. Por resolución xudicial e firme
2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigacións pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

1ª. En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo.

II PARTE DE CONTROL

6. **Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 256/2017 do 24/03/2017 ata a nº 455/2017 do 19/05.**

Dase conta das resolucións de Alcaldía ditadas desde a nº 256/2017 do 24/03/2017 ata a nº 455/2017 do 19/05 que estiveron a disposición dos señores concelleiros desde a convocatoria da sesión do Pleno.

7. **Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/03/2017 e o 19/05/2017.**



Dase conta dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/03/2017 e o 19/05/2017, non constando a realización de reparos de Intervención entre estas datas e que estiveron a disposición dos Srs Concelleiros desde a convocatoria da sesión.

8. Dar conta do informe de Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas recibidas referente ao primeiro trimestre do exercicio 2017.

Dase consta do informe de Tesourería sobre o estado de tramitación das facturas recibidas referentes ao primeiro trimestre do exercicio 2017 que estivo a disposición dos señores concelleiros desde a data de convocatoria da sesión do Pleno.

9. Mocións dos Grupos municipais.

9.1.- Moción presentada polo P.P de Oroso (RE nº 1664/2017 do 25/05) relativa á recollida dos plásticos agrícolas.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (P.P) quen sinala que o motivo desta moción é que existen moitos agricultores e gandeiros que non saben como desfacerse dos plásticos xerados polos silos e polos invernadoiros e o motivo sería solicitar a adhesión ao plan de recollida que ten a Xunta de Galicia nesta materia.

O Sr. Alcalde intervén para indicar que o Concello de Oroso non está adherido a dito Plan pero se están a recoller estes plásticos cando se avisa polos veciños, de todos xeitos indica que cando estea en funcionamento o punto limpo do Concello que xa falta pouco pero que demorouse polo feito de que Unión Fenosa pretendía cobrarlle ao Concello cree que preto de 19.000 euros pola electrificación e sen embargo se recurriu polo Concello e finalmente so teremos que pagar sobre 300 euros, se procederá a adherirse para isa recollida, non obstante sinala que pode votarse a urxencia.

Sométese a urxencia da moción presentada a votación, e o Pleno por:

Votos a favor: trece (7 do PSdeG-PSOE; 4 do P.P; 1 de SON – ANOVA e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún (0 votos).

Abstencións; ningunha (0 votos), aproba a urxencia da moción.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (P.P) quen afirma que entende do explicado polo Sr. Alcalde que o Concello procederá a adherirse a este plan de recollida cando estea en marcha o Punto Limpo e que antes de que se poña en marcha non é posible adherirse, polo que se é intención do Concello adherirse no futuro considera que procede retirar a moción presentada, asentindo os restantes concelleiros presentes. Polo que se acorda a reitarada da moción presentada polo grupo municipal do P.P.

10. Rogos e preguntas.

Toma a palabra D. José Manuel Pérez Penas (BNG) quen quere preguntar polo estado das obras da AP-9.

O Sr. Alcalde responde que parece que agora as obras van a bo ritmo e que teñen un escrito do delegado de estradas dicindo que estarán rematadas en maio, aínda que é probable que polas alturas que estamos, non se dean rematado este mes, pero que van

Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



agora si, a bo ritmo. Sinala que lles falta en todo caso rematar unha tubería para traer todas as augas pluviais cara o río xa que se ampliaron moito as estradas e polo tanto se ten que recoller toda a auga da choiva. Co anterior director das obras pactouse que se fixera unha tubería e unha balsa de espera, pero o novo director das obras parece que o ve doutro xeito, pero en todo caso as obras da autoestrada se poderán abrir igual a espera de que se resolva esta cuestión que non impide a apertura das obras a autoestrada.

D. Manuel Siverio Mirás Liñares (SON – ANOVA) toma a palabra para solicitar que se lle dea resposta aos escritos que ten presentado no Concello e igualmente quere solicitar que na estrada que está enfrente da caixa de aforros (Abanca) que existe un rexistro que está moi fondo e que debería arraxarse.

O Sr. Alcalde sinala que non sabe se iso é titularidade do Concello ou de fomento, pero que o mirarán para tentar arraxalo.

D. Alexander Doval Expósito (P.P), o día 2 de maio no BOP publicouse a concesión de subvencións para a contratación de persoal de oficinas de turismo nos concellos de menos de 50.000 habitantes e non aparece o concello de Oroso xa que non ten oficina de turismo. Considera que se tratan de axudas importantes e na liña de que se quere potenciar o camiño inglés como demostra o acordo adoptado respecto da Asociación de Concellos do Camiño Inglés, se podería mirar a posibilidade de crear unha oficina de turismo e contratar a persoal con esta subvención, igual non para todo o ano pero si para a tempada de verán.

Finalmente quere sinalar que o concelleiro competente en materia de limpeza chamounos nalgún pleno a atención a este grupo en relación a que se procedera a reitirar a propoganda electoral que estaba posta en árbores, farolas ou sinais, agora foi a festa da troita, organizada polo concello e quere dicir que tamén se puxo publicidade en moitas árbores e sinais e que na medida do posible debería evitarse colocar publicidade nestes sitios.

O Sr. Alcalde sinala que D. Alexander Doval Expósito ten razón nesa observación, e afirma que a publicidade da festa se lle encargou a unha empresa que non o puxo ben e que non vai cobrar xa que fixo mal o seu traballo e quere aproveitar para lembrarlle ao Partido Popular que aínda hai carteis do seu grupo en árbores e que deberían retiralos. Afirma que lamentablemente se poñen moitos carteis, de cada festa, moitas veces en lugares non axeitados, pero é certo que desde o concello e os grupos políticos temos que dar exemplo e non contribuír a colocalos en calquera sitio.

Seguidamente toma a palabra D^a. Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE) quen quere dirixirse o voceiro do grupo municipal do P.P, D. Alexander Doval Expósito, para sinalar que no pasado pleno presentaron unha moción referente ao rexistro de persoas maiores e que necesitan atención desde servizos sociais que foi finalmente retirada ao sinalarlles que xa existía un ficheiro. Posteriormente solicitaron ter acceso a tal ficheiro e desde o concello se lle puxeron unha serie de días para que puideran consultalo o que causou un certo transtorno nos servizos sociais do Concello xa que non puideron dar citas aos usuarios para eses días en previsión de que vostede puidera consultalo e finalmente non acodiron ningún dos días, polo que lle rogaría que a próxima vez se non pode acodir o comunique para evitar que se poidan producir transtornos no servizo.

O Sr. Alcalde seguidamente procede a dar por rematada a sesión cando son as 19:30 horas do día antedito, da que se estende a presente acta.

Como secretario dou fe do seu contido.



Sinatura do alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



Sinatura do secretario,
Federico Suárez Cancelo.



O alcalde,
Manuel Mirás Franqueira



O secretario,
Federico Suárez Cancelo.